



QUE É O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER?

É un servizo que se crea co fin de informar, orientar e asesorar ás mulleres da Mancomunidade de Santa Águeda (Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín) sobre calquer cuestión que lles suscite dúbidas ou curiosidades, en definitiva, facilitarlles información e asesoramento rápido, individualizado e gratuíto, sobre aspectos xurídicos, sociais e psicolóxicos, que lles permitan o exercicio e desenrolo dos seus dereitos.

PRINCIPIOS QUE REXEN O CIM

- Anonimato de identidade das usuarias.
- Servizo totalmente gratuíto.
- Respecto á vontade das usuarias na búsqueda de posibles solucións e alternativas das consultas expostas.
- Confidencialidade por parte do persoal do Centro de Información ás Mulleres.

QUE SERVIZOS OFRECE O CIM?

Asesoramento xurídico

As usuarias poden ser asesoradas por unha Avogada en diferentes áreas: **familia** (separacións, divorcios, herdanzas, impago de pensións de alimentos, malos tratos e todo tipo de problemática relacionada coa violencia de xénero), **laboral**, **civil** e outras cuestións **administrativas**.

Asesoramento psicolóxico

Préstase por unha psicóloga experta en intervención familiar e pode consistir en **intervencións psicoterapéuticas**: individuais, de parella ou familiares, asistencia e acompañamento psicolóxicos, intervencións en situacións de risco, atención á vítimas de violencia de xénero, realización de valoracións psicolóxicas, entre outros.

Asesoramento social

O CIM conta cunha Axente de Igualdade que ofrece asesoramento acerca de prestacións e recursos sociais, convocatorias de axudas económicas, etc., nas diferentes áreas de actuación: **saúde, emprego, vivenda, formación, violencia de xénero, conciliación, ocio e tempo libre**. Así como a tramitación e xestión destes recursos.

OUTRAS ACTIVIDADES

- Charlas, talleres e obradoiros sobre temas de interese para ás mulleres.
- Campañas de difusión do IV Plan Galego para a Igualdade.
- Educación en Igualdade cos menores da nosa Mancomunidade.
- Fomento do asociacionismo entre mulleres, información e asesoramento ás Asociacións de Mulleres sobre actividades, recursos, etc.
- Servizo gratuíto de atención e asesoramento ás mulleres vítimas de violencia.
- Combater a feminización da pobreza, os procesos de exclusión social e marxinación que afectan á muller.

ONDE NOS ATOPAMOS?

Estamos situadas na Mancomunidade de Santa Águeda en A Pena s/n, Vilamarín, Ourense.

Teléfono: 988 28 61 84

Correo electrónico: cimsantagueda@gmail.com

- Horario de atención: Luns a venres 8:00 a 16:00 horas
- Atención xurídica: Luns a venres 9:00 a 13:00 horas
- Atención psicolóxica: Luns a venres 9:00 a 13:00 horas



Concello de Amoeiro



Concello de Coles



Concello de A Peroxa



Concello de Vilamarín



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade